**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**
**Sesión do 23 de maio de 2014**

| **ASISTENTES:** **Membros :** | **NON ASISTEN:** |
|---|---|
| D. Abel Caballero Álvarez | Dª. Raquel Díaz Vázquez |
| Dª Mª Carmen Silva Rego | D. Angel Rivas González |
| D. Carlos López Font | |
| Dª Mª Jesús Lago Rey | |
| D. Cayetano Rodríguez Escudero | |
| Dª. Mª Isaura Abelairas Rodríguez | |
| D. José Manuel Fernández Pérez | |
| D. Santos Héctor Rodríguez Díaz | |

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día vinte e tres de maio de dous mil catorce e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. García Alvarez, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(478).- ACTA ANTERIOR.** Apróbase a acta da sesión ordinaria do 9 de maio de 2014. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde–presidente.

**2(479).- NOMEAMENTO DIRECCIÓN DE OBRA E DIRECCIÓN DE EXECUCIÓN DA OBRA DE ESTABLECEMENTO, MELLORA E AMPLIACIÓN DOS SERVIZOS DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS NO PARQUE CENTRAL DE TEIS. EXPTE. 3449/213.**
De conformidade co informe-proposta do Oficial xefe do Servizo de Extinción de Incendios, do 19.05.14, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Nomear directores facultativos da obra de establecemento, mellora e ampliación dos servizos de extinción de incendios do Parque Central de Teis do Servizo de Bombeiros aos arquitectos municipais Juan Luís Piñeiro Ferradás, David Carvajal Rodríguez-Cadarso.

SEGUNDO.- Nomear directora de execución obra de establecemento, mellora e ampliación dos servizos de extinción de incendios do Parque Central de Teis do Servizo de Bombeiros á aparelladora municipal, Beatriz Alonso Asenjo.

Do presente acordo daráselle traslado a empresa adxudicataria MISTURAS S.A. Adxudicataria desta obra.

**3(480).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DA PRÓRROGA DO PLAN DE OCUPACIÓN E EXPLOTACIÓN DE SERVIZOS NAS PRAIAS. 2014. EXPTE. 9978/306.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe da Oficina Administrativa de Contratación, do 20.05.14, que di o seguinte:

*I.- Antecedentes*

*1.- a Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 28 de febreiro de 2014, adoptou o seguinte acordo:*

*PRIMEIRO.- Aproba-lo Plan de Ocupación, Instalación e Explotación de Servizos nas Praias do término municipal de Vigo para o ano 2014, de acordo cos informes, planos e demáis documentación obrante no expediente 9978/306 e que se citan na parte expositiva deste acordo.*

*SEGUNDO.- Remitir antes do día 7 de abril de 2014 este Plan de Ocupación e Explotación ao Servizo Provincial de Costas do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, coa documentación e informes técnicos citadas e obrantes no expediente, para a autorización da instalación dos quioscos de tempada que se emprazan en terreos de dominio público marítimo terrestre ou servidume de tránsito (Quioscos nºs. 1, 9, 10 e 11) .*

*TERCEIRO.- Remitir á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (Secretaria Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo) este plan de ocupación, instalación e explotación, coa documentación e informes técnicos citadas e obrantes no expediente, antes do día 30 de marzo de 2014, para que autorice a instalación dos quioscos de temporada a instalar na zona de servidume de protección do dominio público marítimo terrestres (Quioscos nºs. 2, 3, 4, 5, 6, 7 e 8).*

*CUARTO.- Requirir ós adxudicatarios das autorizacións para a ocupación, instalación e explotación dos servizos de tempada (quioscos) nos areais do Concello de Vigo segundo acordos da Xunta de Goberno Local do 14 e 21 de xuño de 2013, que se citan na parte expositiva deste acordo, para que no PRAZO DE VINTE DÍAS HÁBILES a partir dende a notificación deste acordo, ACEPTEN ou NON a prórroga das ditas autorizacións para o período estival do ano 2014 (01 de xuño de 2014 ao 30 de setembro de 2014), nas condicións no seu día aprobadas e as das correspondentes autorizacións sectoriais.*

*A NON presentación de escrito aceptado expresamente a prórroga da autorización, entenderase que non acepta a citada prórroga.*

*QUINTO.- Unha vez obtidas as autorizacións sectoriais citadas, proceder á prorroga das autorizacións de ocupación, instalación e explotación a terceiros para a tempada estival 2014 para aqueles adxudicatarios que así o aceptaran; noutro caso, efectuar unha nova licitación*

*respecto daqueles postos de quioscos que non aceptaran a prórroga, conforme ao procedemento legalmente previsto respectando os principios de publicidade, obxectividade, imparcialidade, transparencia e concorrencia competitiva.*

*2.- O Servizo Provincial de Costas do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente con data 12-03-2014 aprobou inicialmente as ocupacións temporais do dominio público maritimo terrestre para os quioscos nºs. 1, 9, 10 e 11 do plan de servizos de temporada do cocnello de Vigo . O día 25-04-2014 ingresouse o canon de 2.400 euros correspondente.*

*3.- A Secretaria Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo o 30-04-2014 outorgou ao concello de Vigo autorización para a instalación dos quioscos de temporada a instalar na zona de servidume de protección do dominio público marítimo terrestres (Quioscos nºs. 2, 3, 4, 5, 6, 7 e 8).*

*4.- Requeridos ós adxudicatarios das autorizacións para a ocupación, instalación e explotación dos servizos de tempada (quioscos) nos areais do Concello de Vigo segundo acordos da Xunta de Goberno Local do 14 e 21 de xuño de 2013, todos eles aceptaron expresamente dentro do prazo outorgado ao efecto a prórroga das ditas autorizacións para o período estival do ano 2014 (01 de xuño de 2014 ao 30 de setembro de 2014), nas condicións no seu día aprobadas e as das correspondentes autorizacións sectoriais.*

*II.- Fundamentos de dereito:*

*O artigo 51 da Lei 22/1988, de 28 de xullo, de costas establece a necesidade de autorización administrativa para ocupar o dominio público marítimo terrestre con instalacións desmontables ou con bens mobles.*

*O artigo 26 da citada Lei establece a obriga de obter autorización administrativas para as instalacións que se sitúen en zonas de servidume de protección do dominio público marítimo terrestre.*

*O artigo 115.c) da citada Lei 22/1988, de 28 de xullo, de costas sinala entre as competencias municipais "explotar, no seu caso, os servizos de tempada que poidan establecerse nas praias por calquera das formas de xestión directa ou indirecta previstas na lexislación de réxime local".*

*O artigo 53 da citada norma indica, tamén:*

*"1.- As autorizacións cuxo obxecto sexa a explotación de servizos de tempada nas praias, que solo requiran instalacións desmontables, serán outorgadas aos Concello que o soliciten, na forma que se determine regulamentariamente e con subxección ás condicións que se establezan.*

*2.- No caso de que os Concellos opten por explotar os servizos de tempada a través de terceiro, aqueles garantirán que nos correspondentes procedementos de outorgamentos se respeten os principios de publicidade, obxectividade, imparcialidade, transparencia e concorrencia competitiva.*

*2. En ningún caso o outorgamento destas autorizacións poderá desnaturalizar o principio de uso público das praias."*

*O artigo 111 do Real Decreto 1471/1989, de 1 de decembre, polo que se aproba o Regulamento xeral para o desenvolvemento e execución da Lei 22/1988, de 28 de xullo, de costas, desenvolve o citado precepto e establece o procedemento previsto para que o concello poida*

*solicitar e obter as correspondente autorizacións daqueles servizos de tempada que se instalen nas praias, zona de dominio público marítimo terrestre.*

*En cumprimento do citado precepto, o Servizo Provincial de Costas de Pontevedra requiriu ao Concello de Vigo para que remitise a esa delegación o plan de ocupación e explotación dos servizos nas praias do termo municipal de Vigo antes do 7 de abril de 2014.*

*Tamén, O Decreto 158/2005, de 2 de xuño, polo que se regulan as competencias autonómicas na zona de servidume de protección do dominio público marítimo terrestre, regula no seu artigo 2º.2.i) o requisitos para autorizar as instalacións ao servizo das praias desmontables que se sitúen en zona de servidume do dominio público marítimo terrestre, tendo emitido no ano 2011 documento informativo sobre estas autorizacións.*

*Neste sentido, o Concello de Vigo ben aprobando anualmente o plan de ocupación, instalación e explotación dos servizos de tempada: quioscos nas praias do termo municipal de Vigo, que comprende aquelas instalacións desmontables situadas en terreos de dominio público marítimo terrestre e aqueloutras situadas en terreos municipais en zona de servidume de protección ou de tránsito deste dominio. O prazo destas ocupacións estímase o máximo establecido como xeral do 1 de xuño ata o 30 de setembro de 2014.*

*As ditas instalacións de tempada: quioscos considéranse precisas nos areais polos servizos que prestan aos usuarios, no so polos subministracións de bebidas, xelados... senón tamén por dispor, encargarse da limpeza, de baños públicos e gratuítos para os usuarias como ben esixíndolles este Concello.*

*Elaborouse unha  proposta de ocupación de acordo coa seguinte distribución:*

| DESCRICIÓN | EMPRAZAMENTO | ZONIFICACIÓN, LEI DE COSTAS | OCUPACIÓN EN M2 |
|---|---|---|---|
| QUIOSCO 1 | Areal da Punta. A Guía | Propiedade municipal, Zona de servidume de tránsito | 20 |
| QUIOSCO 2 | Areal de Santa Baia, Alcabre | Propiedade municipal, Zona de servidume de protección | 20 |
| QUIOSCO 3 | Areal do Tombo do Gato | Propiedade municipal, Zona de servidume de protección | 20 |
| QUIOSCO 4 | Areal do Tombo do Gato | Propiedade municipal, Zona de servidume de protección | 20 |
| QUIOSCO 5 | Areal de Argazada | Propiedade municipal, Zona de servidume de protección | 20 |
| QUIOSCO 6 | Areal de Samil | Propiedade municipal, Zona de servidume de protección | 20 |
| QUIOSCO 7 | Areal de Samil | Propiedade municipal, Zona de servidume de protección | 20 |
| QUIOSCO 8 | Areal de Samil | Propiedade municipal, Zona de servidume de protección | 20 |

| DESCRICIÓN | EMPRAZAMENTO | ZONIFICACIÓN, LEI DE COSTAS | OCUPACIÓN EN M2 |
|---|---|---|---|
| QUIOSCO 9 | Areal do Vao | Dominio público Marítimo terrestre | 20 |
| QUIOSCO 10 | Areal do Vao | Dominio público Marítimo terrestre | 20 |
| QUIOSCO 11 | Areal da Etea | Dominio público Marítimo terrestre | 20 |

*Tódolos quioscos (11) aparecen sinalados nos Planos que se achegan no expediente.*

*A documentación e informes técnicos emitidos polos arquitectos municipais en febreiro de 2014 e obrantes no expediente, indican a súa conformidade co planeamento urbanísticos, adecuación á normativa de accesibilidade e a observancia, en tódolos casos, das prescripcións de distancias e medidas, especificadas polo Servizo Provincial de Costas do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente e o Servizo de Urbanismo da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras da Xunta de Galicia, en cumprimento da Lei 22/1988, de 28 de xullo, de costas, Real Decreto 1471/1989, de 1 de decembre, Decreto 158/2005, de 2 de xuño, polo que se regulan as competencias autonómicas na zona de servidume de protección do dominio público marítimo terrestre.*

*A ocupación, instalación e explotación dos servizos tempada, quioscos, deste plan de praias, realizarase por terceiros particulares.*

*O Plan de Ocupación, Instalación e Explotación de Servizos nas Praias do término municipal de Vigo para o ano 2014, recolle os mesmos quioscos e en idéntica situación que os instalados no ano 2013.*

*A adxudicación das autorizacións a terceiros no ano 2013 fíxose mediante un procedemento aberto de licitación garantindo os principios de publicidade, obxectividade, imparcialidade, transparencia e concorrencia competitiva segundo consta no expediente administrativo número 9178/306.*

*Neste sentido, a Xunta de Goberno Local en sesións do 14 e 21 de xuño de 2013, adxudicou os postos do servizo de tempada nos areais do concello de Vigo de acordo coa seguinte distribución:*

*- Lote 1 (Quiosco areal da Guía) a Senén Robles Pérez. Canon 2014 e 950 €.*
*- Lote 2 (Quiosco areal de Santa Baia-Alcabre) a Flamingo Vigo, S.L. por un importe de 2.358,92 euros.*
*- Lote 3 (Quiosco areal Tombo do Gato) a Mónica González Francisco por un importe de 5.128 euros*
*- Lote 4 (Quiosco areal Tombo do Gato) a Marta Lorenzo Barrera por un importe de 13.584,52 euros.*
*- Lote 5 (Quiosco areal Argazada) a Obdulia Lastra Francisco por un importe de 12.025 euros*
*- Lote 6 (Quiosco areal Samil) a Marta Lorenzo Barrera por un importe de 24.281,94 euros.*
*- Lote 7 (Quiosco areal Samil) a Flamingo Vigo, S.L. por un importe de 26.226,17 euros*
*- Lote 8 (Quiosco areal Samil) a Mónica González Francisco por un importe de 21.128 euros.*
*- Lote 9 (Quiosco areal de o Vao) a Flamingo Vigo, S.L. por un importe de 25.900,04 euros.*
*- Lote 10 (Quiosco areal de o Vao) a Marta Lorenzo Barrera por un importe de 10.792,47 euros.*
*- Lote 11 (Quiosco areal da ETEA) a Senén Robles Pérez, por un importe de 1.607 €*

*O prego de cláusulas particulares que rexeu a adxudicación da licitación, aprobado pola Xunta de Goberno Local o 15 de maio de 2013, establecía expresa na cláusula segunda, apartado 4, que:*

*"4.- O concello previo acordo expreso da Xunta de Goberno Local poderá prorrogar as autorizacións para o período estival do ano 2014 (01 de xuño de 2014 ao 30 de setembro de 2014)"*

*Na cláusula terceira, parágrafo final, o prego sinala que:*

*"No suposto de prórroga do contrato o canon para a tempada do ano 2014 terá que abonarse antes do 31 de maio de 2014 e este corresponderá co canon ofertado para o ano 213 (tempada completa) incrementado co IPC do ano 2013." O IPC para este período foi o do 0,3%*

*A vista do anteriormente exposto, ao abeiro das atribucións de competencias que establece o artigo 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local en relación coa Disposición adicional segunda, apartado 3, do Rdl 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, PROPONSE a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte ACORDO:*

*PRIMEIRO.- Prorrogar as autorizacións de ocupación, instalación e explotación a terceiros para a tempada estival 2014 aos ós adxudicatarios das autorizacións para a ocupación, instalación e explotación dos servizos de tempada (quioscos) nos areais do Concello de Vigo segundo acordos da Xunta de Goberno Local do 14 e 21 de xuño de 2013 de acordo coa seguinte distribución e canon aboar :*

- *Lote 1 (Quiosco areal da Guía) a Senén Robles Pérez, por importe de 952,85 €.*
- *Lote 2 (Quiosco areal de Santa Baia-Alcabre) a Flamingo Vigo, S.L. por un importe de 2.351,86 euros.*
- *Lote 3 (Quiosco areal Tombo do Gato) a Mónica González Francisco por un importe de 5.143,38 euros*
- *Lote 4 (Quiosco areal Tombo do Gato) a Marta Lorenzo Barrera por un importe de 13.625,27 euros.*
- *Lote 5 (Quiosco areal Argazada) a Obdulia Lastra Francisco por un importe de 12.061,08 euros*
- *Lote 6 (Quiosco areal Samil) a Marta Lorenzo Barrera por un importe de 24.354,79 euros.*
- *Lote 7 (Quiosco areal Samil) a Flamingo Vigo, S.L. por un importe de 26.304,85 euros*
- *Lote 8 (Quiosco areal Samil) a Mónica González Francisco por un importe de 21.191,38 euros.*
- *Lote 9 (Quiosco areal de o Vao) a Flamingo Vigo, S.L. por un importe de 25.977,74 euros.*
- *Lote 10 (Quiosco areal de o Vao) a Marta Lorenzo Barrera por un importe de 10.824,85 euros.*
- *Lote 11 (Quiosco areal da ETEA) a Senén Robles Pérez, por un importe de 1.611,82 €*

*SEGUNDO.- De acordo coa cláusula terceira do prego de cláusulas administrativas o pagamento do canon terá que efectuarse antes do 31-05-2014.*

Acordo
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**4(481).- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS:**

a) LTM, SERVICIOS BIBLIOTECARIOS. EXPTE. 4767/241.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización de data 14.05.14, e de acordo co informe-proposta do xefe da Oficina Administrativa de Contratación, do 19.05.14, a Xunta de Goberno local acorda:

Devolver a LTM SERVICIOS BIBLIOTECARIOS a fianza de 23.154,58 euros constituida para responder de prestación de servizos complementarios na biblioteca de Martínez Garrido-Neira Vilas, xa que foron executados conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer-lo prazo de garantía.

B) ECOVIGO PUBLICIDAD, S.L. EXPTE. 4824/241.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización de data 14.05.14, e de acordo co informe-proposta do xefe da Oficina Administrativa de Contratación, do 19.05.14, a Xunta de Goberno local acorda:

Devolver a ECOVIGO PUBLICIDAD, S.L. a fianza de 16.800 euros constituida para responder da Campaña de publicidade "Información da actividade municipal Vigo 2008-2009", xa que foi executada conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer-lo prazo de garantía.

**5(482).- PRÓRROGA DO CONTRATO PARA A XESTIÓN DO "PROGRAMA DE EDUCACIÓN BÁSICA DE PERSOAS ADULTAS". EXPTE. 13263/332.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 16.05.14, dáse conta do informe-proposta do técnico do Servizo de Educación, do 7.05.14, conformado polo concelleiro de Educación e polo concelleiro de Xestión Municipal, que di o seguinte:

*A Xunta de Goberno Local, na sesión de data 19 de outubro de 2012, na súa calidade de órgano de contratación (apartado 3 da disposición adicional segunda da LCSP), acordou adxudicar á Asociación Mulleres Progresistas de Vigo (CIF G-36.657.336) o procedemento aberto para a contratación da xestión do Programa Municipal de Educación de Persoas Adultas (expte. 13263-332) por un prezo total de 74.583 euros.*

*Todo o anterior de acordo cos pregos de prescripcións técnicas particulares redactado polo Servizo de Educación de data 15/03/2012 e de claúsulas administrativas particulares redactado polo Servizo de Contratación de data 24/04/2012, que foron aprobados por acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión do 25 de maio de 2012 e a oferta presentada.*

*En data 29/10/2012 asinouse documento contractual entre o Concello de Vigo e a Asociación Mulleres Progresistas de Vigo, recollendo no mesmo como data de iniciación do contrato para a prestación do servizo o día 01 de novembro de 2012.*

*No prego de cláusulas administrativas se fixa unha duración do contrato de dous anos polo que o dito prazo remataría o vindeiro 31/10/2014, e se establece a posibilidade de prorrogar o*

*mesmo (cláusula 7 en relación cos apartados 4.A) e 4.C) das FEC). Así, prevése a posibilidade de prórrogas por un máximo de dous anos.*

*Ten entrada a través do rexistro xeral do Concello en data 29/04/2014 e co nº de doc. 140050831, escrito da Asociación Mulleres Progresistas de Vigo, solicitando valoración da continuidade da prestación do servizo, a través da execución da primeira prórroga.*

*Seguindo indicacións do Concelleiro de Educación que manifesta a necesidade de prorrogar o presente contrato, e á vista das anteriores consideracións, PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL, previo informe da Intervención Xeral, a adopción do seguinte acordo:*

*1º.- Autorizar a prórroga por un ano do contrato para a xestión do Programa Municipal de Educación de Persoas Adultas (expte. 13263-332) para o periodo comprendido entre o 01/11/14 e o 31/10/15.*

*2º.- Autorizar e comprometer un gasto de 37.291,50.-€, sen prexuízo da revisión de prezos que proceda no seu caso, dos cales:*

> *Para o ano 2014 (01/11/2014-31/12/2014): corresponden 9.322,88 €, que se imputarán á partida 3210.227.99.16 (Programa de Alfabetización) do vixente orzamento.*
> *Para o ano 2015 (01/01/2015-31/10/2015): corresponden 27.968,62 €, que se imputarán á partida 3210.227.99.16 (Programa de Alfabetización), que se financiarán con cargo aos créditos que se asignen para tal fin no orzamento do 2015.*

Acordo
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**6(483).- DEVOLUCIÓN DE FIANZA: GIZA INGENIERÍA, S.L. EXPTE. 14898/332.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 8.05.14, dáse conta do informe-proposta do xefe da Área de Servizos Xerais, do 23.05.14, conformado polo concelleiro-delegado de Educación, que di o seguinte:

*A empresa "GIZA INGENIERIA SL.", solicita a devolución da garantia depositada para facer fronte as resposabilidades derivadas da execución da obra de Actuacións de Adaptación, Renovación e Conservación das instalacións eléctricas dos Centros Educativos Públicos de Vigo – Lote 1: Alumeado de Emerxencia e Revisións OCA. (exp: 10304/332)*

*Tendo en conta que as obras referidas atópanse en perfecto estado e que xa transcorreu o prazo de garantía, así como informe favorable da intervención de fondos, proponse á Xunta de Goberno Local:*

*"Aprobar a devolución da garantía depositada pola empresa GIZA INGENIERÍA SL (B-70119136) por unha contía de 5.701,69 €, segundo a carta de pagamento "OCVD" nº 20090001531 de data 25/03/2009"*

Acordo
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**7(484).- CONVENIO DE COLABORACIÓN COA CONFRARÍA DO SANTÍSIMO CRISTO DOS AFLIXIDOS DE BOUZAS PARA A ORGANIZACIÓN DO "FESTIVAL POÉTICO PIROMUSICAL" DE BOUZAS 2014. EXPTE. 5550/335.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 7.05.14, o informe de fiscalización do 16.05.14, e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Festas, do 25.04.14, conformado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, o concelleiro da Área de Cultura Festas e Museos e o concelleiro delegado da Área de Economía e Facenda, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e a Confraría do Santísimo Cristo dos aflixidos de Bouzas para a organización do Acto de Apertura do "Festival Poético-piromusical Cidade de Vigo – Vila de Bouzas 2014", que terá lugar o vindeiro 20 de xullo.

2º.- Autorizar un gasto por importe de 8.100,00 euros, en concepto do estipulado no convenio, a favor da Confraría do Santísimo Cristo dos aflixidos de Bouzas (CIF G-36.690.170), con cargo á aplicación presupostaria 3380.489.0011 (Convenio Comisión Festas Bouzas) do programa presupostario de Festas para o vixente exercicio.

*CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A CONFRARÍA DO SANTÍSIMO CRISTO DOS AFLIXIDOS DE BOUZAS PARA A ORGANIZACIÓN DO ACTO DE APERTURA DO FESTIVAL POÉTICO PIROMUSICAL DE BOUZAS 2014-*

*Na Casa do Concello de Vigo, a dous mil catorce*

*REUNIDOS*

*Dunha parte, Dna. CAYETANO RODRIGUEZ ESCUDERO, CONCELLEIRO DELEGADO DE CULTURA, FESTAS E MUSEOS na representación legal do Concello de Vigo, con CIF P-3605700-H, con domicilio en Vigo, praza do Rei, s/n; no sucesivo O CONCELLO, en virtude do decreto da Alcaldía de 7 de febreiro de 2013 e acordo da Xunta de Goberno de data 15 de febreiro de 2013, e resolución do Alcalde de data 19 de febreiro de 2014.*

*Doutra, DON JAVIER GRANDE PÉREZ, COMO CONFRADE MAIOR DA CONFRARÍA DO SANTÍSIMO CRISTO DOS AFLIXIDOS DE BOUZAS, CIF nº G-36.690.170 e enderezo social na rúa San Miguel nº 1 de Vigo (Bouzas), na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente nº 5066/335.*

*Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio*

*MANIFESTAN*

*I.- Que a Confraría do Santísimo Cristo dos aflixidos de Bouzas ten por fins, entre outros, o de promover as festas anuais de Bouzas, desenvolvendo actos culturais así como contribuír a un*

*destaque das solemnidades litúrxico relixiosas conmemorativas. Deste modo, esta entidade vén ocupándose, dende tempos inmemoriais, da organización, desenvolvemento e execución das festas anuais que se celebran na Vila de Bouzas - Cidade de Vigo, na segunda quincena no mes de xullo, en honra do "Bo Xesús dos Aflixidos", patrón da Vila, e cuxo programa comprende, tanto actividades lúdicas coma relixiosas. Dentro do dito programa lúdico, e como principal e máis salientábel actividade, vénse celebrando o chamado "FESTIVAL POÉTICO-PIROMUSICAL CIDADE DE VIGO - VILA de BOUZAS", na noite do terceiro domingo de xullo.*

*II. Que o dito Festival, declarado de interese turístico de Galicia desde o ano 2004, constitúe unha tradición consolidada dentro da oferta cultural e lúdica da cidade de Vigo, sendo o máis relevante dos da súa clase, así coma un dos máis prestixiosos da Comunidade Autónoma de Galicia, tanto pola calidade e custo da súa execución, o número de espectadores directos do Festival, o seguimento e cobertura mediáticos do mesmo, e a antigüidade da súa celebración, constituíndose por todos estes motivos nun obrigado referente nas celebracións lúdico-culturais de todo o territorio nacional. En virtude do gran seguimento popular de dito espectáculo, da tradición consolidada na súa celebración, e na constatada mellora ano tras ano da súa calidade e promoción, o Concello de Vigo considera necesario contribuír ó mantemento e financiamento do mesmo, como medio de garantir e conservar un dos signos distintivos da identidade colectiva da cidade de Vigo.*

*III. Que dende hai oito anos se veñen asinando diversos convenios de colaboración entre ambas as entidades para desenvolver actividades socioculturais, e os resultados acadados foron moi satisfactorios para ambas as partes.*

*IV.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3380.489.0011, prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 8.100,00 (oito mil cen) euros, a favor do Comisión de Festas de Bouzas.*

*V.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervenientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é o cofinanciamento polo Concello de Vigo do primeiro dos catro actos nos que se divide o "Festival Poético-piromusical Cidade de Vigo-Vila de Bouzas" denominado "Apertura".*

*VI.- Que a entidade Confraría do Santísimo Cristo dos aflixidos de Bouzas non está incursa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm. 5006/335.*

*Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e cultural que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da entidade Confraría do Santísimo Cristo dos aflixidos de Bouzas, o Concello de Vigo e a dita entidade conveñen a súa colaboración no ámbito cultural e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.*

*PACTOS*

*Primeiro.- A Confraría do Santísimo Cristo dos aflixidos de Bouzas comprométese a colaborar coa Concellería de Cultura, Festas e Museos do Concello de Vigo en canto a organización do Festival Poético-piromusical "Cidade de Vigo – Vila de Bouzas", que terá lugar en Bouzas na noite do terceiro domingo de xullo (20 de xullo), e concretamente a:*

*1º.- Asumir todo o concernente á organización das actividades, achegando toda a infraestrutura e equipo humano necesarios para tal fin, así como cumprir o programa presentado.*

*2º.- Realizar o “FESTIVAL POÉTICO-PIROMUSICAL” e en especial o acto de “APERTURA”, segundo a programación proposta e o presuposto aprobado.*

*3º.- Comezar as actividades do programa á hora anunciada ó público, tendo comprobado con antelación suficiente o correcto funcionamento das instalacións e equipamento, para realizar as correccións técnicas que resulten necesarias.*

*4º.- Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e todos os demais gastos derivados da realización das actividades e obter todos os permisos e autorizacións necesarios para a súa realización.*

*5º.- Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento da actividade, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento das actividades; a ENTIDADE entregará ao CONCELLO copia da póliza antes do inicio dos programas.*

*6º.- A entidade terá que coordinar co departamento de prensa do Concello todas as presentacións e roldas de prensa previstas obxecto deste convenio e do seu desenvolvemento.*

*7º.- Asumir todos os gastos que se deriven deste convenio, agás os que especifiquen como responsabilidade do Concello.*

*8º.- Deixar a zona que se utilice para as actividades en perfectas condicións de limpeza e respectando o entorno.*

*En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei de Galicia 9/2007.*

*Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a conceder directamente á Confraría do Santísimo Cristo dos aflixidos de Bouzas, unha subvención por importe de 8.100,00 (oito mil cen) euros co obxecto de coadxuvar ó financiamento da organización do acto “Apertura” do “Festival poético-piromusical Cidade de Vigo – Vila de Bouzas”.*

*O Concello non asume ningún compromiso distinto dos recollidos no presente convenio.*

*Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.*

*A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.*

*En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.*

*Cuarto.- O pagamento da cantidade recollida no pacto segundo deste convenio realizarase efectuarase por transferencia bancaria conta corrente número IBAN ES36 2080.5016.07.3040020541, da entidade bancaria NCB BANCO SA, da que é titular a entidade beneficiaria, tras a xustificación das axudas.*

*<u>Quinto</u>.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .*

*A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.*

*<u>Sexto</u>.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.*

*<u>Sétimo.</u>- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a incorporación do logotipo da Concellería de Cultura e Festas e da imaxe corporativa do evento en todos os soportes publicitarios que edite.*

*<u>Oitavo</u>.- A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de Galicia 9/2007.*

*<u>Noveno</u>.- A beneficiaria, antes da primeria semana de decembro, deberá xustificar o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos previstos pola concesión da subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto, a conta xustificativa a render deberá conter:*

*a) Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións previstas no presente convenio, con indicación das actividades desenvolvidas dentro do programa, datos de participación memoria de prensa, rexistro fotográfico e audiovisual e informe de incidencias.*

*b) Memoria económica xustificativa do custo final das actividades realizadas, que incorporará:*

- *Balance económico con detalle dos gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial.*
- *Relación numerada de todos e cada un dos documentos xustificativos que se aporten con especificación da súa data de emisión, provedor, obxecto facturado, importe total do documento, data e forma de pagamento.*
- *As facturas presentadas terán que ser orixinais e deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE; ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada citada no apartado anterior, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Os documentos xustificativos haberán de estar datados no período obxecto deste convenio. Os gastos xustificativos con facturas e demáis documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil presentaráse en orixinal. As facturás cumprirán os requisitos establecidos para súa expedición no RD 1619/2012 de 30 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación ou as normas sobre a facturación electrónica equivalentes.  ou as normas sobre  Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto.  Se a entidade beneficiaria solicitase a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.*

  *En ningún caso se admitirán simples recibos ou xustificantes de caixa. As facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas e, tratándose de persoas físicas, conterán a correspondente retención fiscal.*

- *Relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financiaron a actividade, acreditando o seu importe, procedencia e a aplicación dos ditos fondos ás actividades subvencionadas.*

*Décimo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei de Galicia 9/2007.*

*Décimo primeiro.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no exercicio económico do convenio.*

*Décimo segundo.- A realización da actividade subvencionada, o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención e a axeitada xustificación da mesma, será comprobada pola Concellería de Cultura, Festas e Museos. O persoal técnico do Servizo de Festas emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.*

*Décimo terceiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Cultura , Festas e Museos e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.*

*Décimo cuarto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da LG 9/2007.*

*Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.*

*Décimo quinto.- A información sobre as actividades, especialmente en carteis e programas, estará integramente en idioma galego, e terá que ser revisada polo servizo de normalización lingüística do Concello de Vigo. En toda a información editada figurará o logotipo do Concello de Vigo, nas mesmas condicións e tamaños. O material editado deberá contar coa conformidade previa do Servizo de Festas do Concello de Vigo, e disporá dos depósitos legais que lle correspondan.*

*Décimo sexto.- O mecanismo de seguimento da execución deste convenio establécese en base ás memorias e informes que presenten as entidades asinantes e a presenza do persoal técnico do Servizo de Festas nas propias actividades programadas.*

*Décimo sétimo.- O presente convenio terá vixencia anual ata o 31 de decembro de 2014 e non será prorrogábel.*

*Décimo oitavo.- O concelleiro da Área de Cultura, Festas e Museos queda facultado para resolver as posíbeis controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar iniciativas que contribúan ó seu cumprimento e desenvolvemento.*

*Décimo noveno- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e no Real Decreto 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.*

*<u>Vixesimo</u> - A beneficiaria está informada de que que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de Galicia 9/2007 en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.*

*Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Festas. A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Servizo de Festas do Concello de Vigo.*

*<u>Vixésimo primeiro</u>.- A actividade obxecto deste convenio está destinada ao público en xeral, e o acceso á mesma será público e gratuíto; o número de asistentes limitarase á capacidade do lugar onde se celebre. De todos os xeitos, as actividades, servizos ou produtos ofertados alí poderán traer consigo unha achega económica por parte dos usuarios (billetes, entradas, etc.).*

*Por este motivo, a entidade beneficiaria proporá ao Concello os prezos para cada unha das actividades, servizos ou produtos, para obter a conformidade da concellería de Cultura e Festas. A entidade deberá expor durante a celebración da actividade, nun lugar perfectamente visíbel, o listado de prezos de venda ó público.*

*A tal fin, estabelecerase un sistema de control de ingresos procedentes do goce ou uso das distintas actividades, que poderán ser billetes ou xustificantes de ingresos, nos que deberán figurar os conceptos e importes, e que estarán numerados correlativamente. A entidade proporalle ao Concello os modelos de billetes ou xustificantes, e tamén o seu número, para obter a correspondente conformidade.*

*<u>Vixésimo segundo</u>- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.*

*E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, no lugar e data que se indican*

**8(485).- RELACIÓN DE CONTRATOS MENORES DO SERVIZO DE FESTAS CORRESPONDENTE AO MES DE ABRIL DE 2014. EXPTE. 5636/335.**

Mediante providencia de data13.05.14, en cumprimento co establecido na base 31ª das de execución do orzamento xeral do Concello de Vigo, o concelleiro delegado de Cultura, Festas e Museos, dá conta á Xunta de Goberno local dos expedientes de contratación tramitados polo réxime de gasto menor no Servizo de Festas durante o mes de abril de 2014, que son os seguintes:

*Expte*: 5528/335. CONTRATACIÓN DO ESTUDO ACÚSTICO PARA A SALA POLIVALENTE DO AUDITORIO PAZO DE CONGRESOS
*Decreto concelleiro data*: 11/04/2014
*Informe Intervención*: RCM 23436

*Adxudicatario*: CENTRO DE ACÚSTICA E SERVIZOS DE TELECOMUNICACIÓNS
*Importe total*: 7.175,30 EUROS

*Expte*: 5542/335. CONTRATACIÓN DA MONTAXE E DESMONTE DE CADEIRAS PARA AS ACTUACIÓNS EN RÚA DAS BANDAS DE MÚSICA POPULARES
*Decreto concelleiro data*: 30/04/2014
*Informe Intervención*: RCM 25944
*Adxudicatario*: VIGO MÚSICA SL
*Importe total*: 6.350,00 EUROS

Acordo
A Xunta de Goberno local queda enterada.

**9(486).- PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DE RECLAMACIÓNS DE AXUDAS SOCIO-SANITARIAS 1º FASE 2014. EXPTE. 25201/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización de data 15.05.14, e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, 12.05.14, conformado polo concelleiro de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Aprobar as reclamacións presentadas á concesión de axudas socio-santiarias 2014-1ª fase, propostas pola Comisión Xestora do Fondo de Acción Social do Concello de Vigo en acordo de 15/04/2014 por un importe total de 4.813,00 € (cuatro mil ochocients trece euros), acordando en consecuencia que se proceda ao pagamento con cargo á clasificación orzamentaria 22101620400-Fondo Social aos seguintes empregados públicos municipais que se indica co importe que se especifica e en función a distribución que se indicaba no acordo de 7 de marzo de 2014:

| NOME | DNI | Nº PERSOAL | Euros |
|---|---|---|---|
| ALONSO CARIDE CONSTANTE | 36042034 | 21137 | 335 |
| CONDE BORRAJO EMILIO | 34598864 | 15326 | 485 |
| COSTAS BASTOS ALEJANDRO | 36105807 | 76480 | 335 |
| DUEÑAS CORCHERO FATIMA | 44085056 | 80702 | 303 |
| FERNANDEZ GALLEGO JOSE LUIS | 34909660 | 23024 | 215 |
| FERRO MANCHO ANGEL | 36072730 | 79185 | 485 |
| GAGO LOUZAO BEATRIZ | 36171481 | 80573 | 345 |
| GARCIA ALONSO OSCAR | 53190058 | 81652 | 100 |
| IGLESIAS LOPEZ Mª ISABEL | 35454450 | 80647 | 642 |
| MARTINEZ TILVE JAVIER | 35322054 | 77036 | 123 |
| MOLEDO ALONSO RAFAEL | 36105623 | 20899 | 215 |
| NUÑEZ FERNANDEZ ROSA | 36023563 | 20528 | 485 |
| ROCA DAFONTE JOSE MANUEL | 32429643 | 15303 | 485 |
| SOUSA FERNANDEZ SANDRA | 76813932 | 80046 | 45 |
| THOMAS BERBEN Mª JOSE | 8758892 | 16679 | 215 |
| SUMA TOTAL | | | 4813 |

Segundo.- Denegar a concesión de axudas socio-sanitarias aos seguintes traballadores, polos motivos que se especifican para cada un deles:

D. David Capelo González, as vacinas non as cubre o FAS
Dª Carolina Novoa Rodríguez, non corresponde a reclamación, pagado correctamente.
Dª Margarita García Romero, xubilada en outubro de 2013 (prazo convocatoria de 08-02 a 19-02-2014).

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que a dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.

**10(487).- PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓNS PRESENTADAS ÁS BASES ESPECÍFICAS OEP 2010-2011 2ª FASE. EXPTE. 24735/220**

*Por resolución motivada do órgano convocante os/as aspirantes que non superen o período de prácticas ou curso selectivo, de acordo co procedemento de cualificación previsto na convocatoria, perderán todos os seus dereitos a seren nomeados/as funcionarios/as de carreira.*
*Poderán incorporarse, en todo caso, ao curso inmediatamente seguinte que se realice coa puntuación asignada ao último dos participantes naquel. De non superalo tampouco, perderán todos os seus dereitos a seren nomeados funcionarios de carreira."*

*Non figurando nas bases especificas da convocatoria das prazas de policia local polo que deberá de procederse a rectificacion do texto das mesmas , de conformidade co disposto no*

*artigo 105.2 da vixente Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, as Administracións Públicas poderán rectificar en calquera momento, ben de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.*

- *8.IV.j) Presentacion de xustificante de aboamento dos dereitos de examen.*

*Na base 4h das Bases Xerais recóllese:*
*Xustificante de ter ingresado a taxa para participar nos procedementos de selección e promoción de persoal.*

*O ingreso da taxa esixirase en réxime de autoliquidación, utilizando o impreso normalizado que se poderá obter telemticamente, a través da páxina web do Concello de Vigo (https://cdixital.vigo.org/expedientes/formularios/autoliq_oposiciónes.jsp), ou ben presencialmente na Oficina de Información do Concello de Vigo situada na planta baixa da Casa Consistorial.*

*Unha vez obtido o impreso de autoliquidación, os/as interesados/as deberán ingresar o importe que corresponda, que se poderá realizar telematicamente ou en calquera entidade de depósito autorizada (a práctica totalidade destas).*

*Para estes efectos, as cantidades establecidas na vixente ordenanza son as seguintes:*

*Prazas integradas no Grupo A, subgrupos A1 e A2: 34,15 euros.*
*Prazas integradas no Grupo C, Subgrupos C1 e C2: 19,10 euros.*
*Prazas integradas no subgrupo Transitorio E: 19,10 euros.*

*As referidas contías actualizaranse en aplicación da ordenanza municipal aprobada polo Pleno da Corporación para cada exercicio económico.*

*Polo cal estase a cumplir o establecido no artigo 10.l do Decreto 243/2008 de 16 de octubre, por el que se desarrolla la Ley 4/2007, de 20 de abril, de coordinación de policías locales.*

*Vistas as competencias recollidas no artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local, sométese á consideración da Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:*

*PRIMEIRO.- Inadmitir a alegacion presentada por D Juan L. Fernandez Fernandez e 70 persoas mais, funcionarios adscritos ao servizo de Extincion de Incendios do Concello de Vigo (Doc. 140013944), solicitando a modificación das bases específicas dos procesos selectivos para a provisión de prazas de Cabo do SEI, Bombeiro e Condutor-Bombeiro en varios puntos, por ser presentada fora de prazo*

*SEGUNDO.- Desestimar as alegacions presentadas por*

*Iria Mª Álvarez Canella, presentada en escrito de data 18/12/2013 (documento nº 130150455), Sergio Corral Pérez: presentada en escrito de data 23/01/2014 (documento nº 140011045), Yolanda Rodríguez Fernández: presentada en escrito de data 24/01/2014 (documento 140009971), Pedro Freire Gallego: presentada en escrito de data 30/12/2013 (documento 140007209), Manuel Barciela Rivera (Delegado Sindical da Sección da CIG no Concello de Vigo) en escrito de data 15/01/2014 (documento 140004845), María Concepción Martínez-Murillo Campos (Secretaria Xeral da Sección Sindical de CCOO no Concello de Vigo) en escrito*

*de data 15/01/2014 (documento 140004710), Dámaso Pena González (Secretario Xeral do Sindicato Independiente do Concello de Vigo (SICO) e Presidente do Comité de Persoal do Concello de Vigo) en escrito de data 03/01/2014 (documento 140000819), e Santiago Arenas Villarroel en escrito de data 08/01/2014 (documento 140002174); D. Fernando Solveira de la Fuente (Sección Sindical da CIG do Concello de Vigo) en escrito de data 14/01/2014 (doc. 140004089), D José Luis Serantes Vaz en escrito de data 23/12/2013 (documento 130152227), Natividad Gonzaléz González (doc. 130150496) , David González Fortes (doc. 130150497), Antonio Varela López (doc. 130150500), Francisco Javier Rodríguez Iglesias (doc. 130150503), Mª Carmen González Landesa (doc. 130150504), Mónica Blanco (doc. 130150506), Ventura Lago Bamio (doc. 130150507), Enriqueta Piñeiro Cid (doc. 130150508), Javier Gil Rodríguez (doc. 130150510), Pablo Rodríguez Sande (doc. 130150511), José Antonio Penelas Gesteira (doc. 130150515), Lucía Vázquez Cao (doc. 130150516), Ana María Estévez Sío (doc. 130151519), Jose Cousiño Bastos (doc. 130150520), Juan Carlos Barandela Martínez (doc. 130150523), Germán López Rodríguez (doc. 130150526), Celso Rodríguez Méndez (doc. 130150528), Tatiana González Martínez (doc. 130150530), Mª Carmen Asolo Álvarez (doc. 130150531), José Manuel Cubas Peña (doc. 130150532), Isabel Cristina Gómez Teixeira (doc. 130150536), Rodrigo Castro Otero (doc. 130150538), Alejandro Rodríguez Puentes (doc. 130150541), Florinda Mariño López (doc. 130151067), David Faya Estevez (doc. 130151069), Elisa Gómez Domínguez (doc. 130151070), Carlos González Galego (doc. 130151073), Sandra Fernández Rodríguez (doc. 130151077), Víctor Manuel García Romero (doc. 130151079), Rocío Rey Fernández (doc. 130151082), Víctor Vasco Varela (doc. 130151085), José de Jesús Couto (doc. 130151087), Juan Carlos Vázquez Álvarez (doc. 130151089), Rubén Vázquez Álvarez (doc. 130151090), Beatriz Cores Gontán (doc. 130151092), Carlos Jiménez Varela (doc. 130151093), Raúl Beiro Fernández (doc. 130151094), Julio Moure Calviño (doc. 130151097), Urbano Covelo Soto (doc. 130151098), Estela Da Vila Lima (doc. 130151100), Julio César Álvarez Gallego (doc. 130151102), José Andrés González Silva (doc. 130151105), Ramón Parajó Pérez (doc. 130151107), Juan A. Fariña Infante (doc. 130151120), José Manuel Pérez Cobas (doc. 130151125), Javier Álvarez Fernández (doc. 130151127), Jorge Dacosta Silva (doc. 130151131), Carlos González Cascón (doc. 130151133), Úrsula Comesaña Ambrosio (doc. 130151295), Esteban Rodríguez Sande (doc. 130151829), José Luis Rodríguez Rodríguez (doc. 130151834), Juan carlos Sanjuan Pastoriza (doc. 130151836), Pedro Fernández Hermida (doc. 130151838), José Carlos Rodal Otero (doc. 130151841), Mª Sara Díaz Doce (doc. 130151843), Luisa Da Silva Rial (doc. 130151844), Roberto Guisande Salgueiro (doc. 130151846) Daniel Vila Álvarez (doc. 130151849), Alberto Alonso Guisnade (doc. 130151851), Luis Humberto Pérez Alonso (doc. 130151853), José Manuel Carballo Alonso (doc. 130151856), Mª Sonia Da Silva Rial (doc. 130151858), Alberto Camesella Giráldez (doc. 130151860), Mar González Savignat (doc. 130154129), María Fábregas López (doc. 130154133), Antonio Feijoo Sanmiguel (doc. 130154134), José Ignacio González Santacreu (doc. 130154138), Carlos González Santacreu (doc. 130154141), Mª Teresa González Domínguez (doc. 130154144), Concepción Seijo Abreu (doc. 130154147), Mª Isabel Dourado Veiga (doc. 130154149), Juan Carlos González Fortes (doc. 130154152), María Cristina González Pérez (doc. 130154154), Antonio Alonso Sancho (oc. 130154155), Laura Calderón Sánchez (doc. 130154158), Ana Fábregas López (doc. 130154164), Elena Marina Sancho (doc. 130154167), Daniel Román Garrido (doc. 130154169), Xoan Vázquez Cao (doc. 130154184), José Carlos Pérez Silva (doc. 130154186), Carles Montagut Roselló (doc. 140001635), Paula Davila Granada (doc. 140002004), Carmen Rodríguez Posada (doc. 140002073), Dámaso Pena González, Secretario Xeral do Sindicato Independiente do Concello de Vigo (SICO) e Presidente do Comité de Persoal do Concello de Vigo (doc. 140002074), Javier Pacheco García (doc. 140004526), Trinidad Codina Oria (doc. 140004527), Sandra Arce García (doc.140004530), Mª Inmaculada Codina Oria (doc. 140004535), Julián Páez García (doc. 140004540), Pilar Fortes Lorenzo (doc. 140004549), Sonia Margarita Sánchez Becerra (doc. 140004552), José Antonio Reza D. (doc. 140004555), Mª del Pilar Villar Fernández (doc. 140004558), Ana Pereira Fortes (doc. 140004562), Mª del Pilar Pereira Fortes (doc. 140004565), Beatriz Pereira Fortes (doc. 140004568), Gemma Pereira*

*Fortes (doc. 140004574), Paloma Pereira Fortes (doc. 140004576), Pablo Marti Rojo Lena (doc. 140004579), Raúl Fuentes Pesquera (doc. 140004583), Adoración Villadres (doc. 140004585), Alfredo Delgado Manzano (doc. 140004586), Eduardo Díaz Barrera (doc. 140004587), Andrés Freijedo Montenegro (doc. 140004588), Guadalupe María Freijedo Montenegro (doc. 140004594), José Zaurín Simón (doc. 140004599), Estefanía Rodríguez Martínez (doc. 140004604), Óscar Rodríguez Martínez (doc. 140004607), Margarita Mª Pino Jaramillo (doc. 140004608), Soledad Pérez Méndez (doc. 140004609), Mª Carmen Villaverde Núñez (doc. 140004610), Hélida Mosquera Martínez (doc. 140004617), Leticia Ulloa Filgueira (doc. 140004619), Juan Antonio Mosquera Martínez (doc. 140004623), José Manuel Ageitos Ageitos (doc. 140004624), Luis Tombillo Mouriño (doc. 140004626), Daniel Patiño Trenco (doc. 140004630), Carmen Pérez Sánchez (doc. 140004632), Manuel Barciela Rivera, Delegado da Sección Sindical da CIG no Concello de Vigo (doc. 140004849), María Concepción Martínez-Murillo Campos, Secretaria Xeral da Sección Sindical de CC.OO. no Concello de Vigo (doc. 140004851), José Manuel Seoane Rodríguez (doc. 140007370) , Carlos Mejuto Ares (doc. 140008730) ,contra os acordos da Xunta de Goberno Local de datas 05/12/2013 e 13/12/2013 aprobatorios das Bases especificas e convocatoria da Oferta de Emprego 2010-2011, Segunda Fase, en atención as motivacions exposta no informe que antecede.*

*TERCEIRO- Rectificar, ao abeiro do artigo 105.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, as bases específicas rectoras dos procesos selectivos derivados da execución da oferta de emprego público correspondente ao ano 2010-2011 (Segunda Fase), nos termos do informe da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Dirección Xeral de Emerxencias e Interior) da Xunta de Galicia en escrito de data de entrada 26/02/2014, debendo engadir as Bases especificas no punto 8.- POLICIA LOCAL o seguinte:*

*X.- Curso selectivo de fomación e prácticas.*

*De conformidade co previsto na base XIV das xerais e no Decreto da Xunta de Galicia 204/2000, do 21 de xullo, os/as aspirantes aprobados/as deberán superar un curso teórico-práctico na Academia Galega de Seguridade Publica de Galicia (AGASP).*

*Ademáis os/as aspirantes que superen o curso deberán realizar un período de prácticas no concello que será valorado pola Alcaldía tra-lo informe do xefe do Corpo, debendo obte-la cualificación de "apto" para superalo.*

*Superado o período de formación, os/as alumnos/as recibirán o diploma acreditativo e poderán ser nomeados/as funcionarios/as de carreira.*

*O/a alumno/a que por enfermidade ou algunha outra causa xustificada perda máis do 15% das clases do curso de formación será declarado/a "non apto" e poderá incoporarse ó seguinte curso cando a causa determinante llo permita.*

*O/a alumno/a que non supere o curso de formación teórico-práctica poderá repetilo por unha soa vez, debendo neste caso incorporarse ó curso seguinte.*

*CUARTO.- Notífíquese o presente acordo á á Xefatura da Área de Réxime Interior, Servizo de Recursos Humanos (Planificación e Organización) e Comité de Persoal aos efectos oportunos, significándolle que contra o mesmo poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa."*

*QUINTO.- Publíquense as presentes correccións no BOP e no DOG aos efectos oportunos, significándose que contra o mesmo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o seguinte ao da súa notificación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa."*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**11(488).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DO CONCELLEIRO DE XESTIÓN MUNICIPAL EN RELACIÓN COA SUSPENSIÓN DE FUNCIÓNS DE JOSÉ M. LEMOS ABREU. EXPTE. 25264/220.**

Dáse conta da resolución do concelleiro de Xestión municipal, do 15.05.14, que di o seguinte:

*R E S O L V O*

*Primeiro.- Declarar na situación administrativa de suspensión de funcións ao funcionario municipal D.JOSÉ MANUEL LEMOS ABREU, con nº de persoal 78.757, pertencente ao Corpo da Policía Local de Vigo, como consecuencia directa da execución da Sentenza nº 295/2013, do 31 de outubro, dictada polo Xulgado do Penal nº 1 de Pontevedra no procedemento penal abreviado nº 333/13, e na cal se lle condena a unha pena de 18 meses de prisión por un delicto continuado de falsidade e documento mercantil, xunto coa accesoria de inhabilitación especial para o dereito de sufraxio pasivo durante o tempo da condena, multa de doce meses cunha cota diaria de 6 euros, e suspensión de emprego e cargo público por tempo de un ano, con efectos económicos e administrativos da data da presente resolución.*

*Segundo.- Deixar sen efecto o permiso sen soldo outorgado por resolución de data 28/11/2013 (expediente administrativo nº 24.644/220) con efectos económicos e administrativos da data da presente resolución, por concorrer no mesmo as circunstancias previstas no artigo 6.7 do vixente Código Civil, dispoñendo a baixa inmediata, con efectos da data da presente resolución, nas cotizacións empresariais á Seguridade Social do funcionario D. José Manuel Lemos Abreu derivadas do permiso sen soldo outorgado.*

*Terceiro.- Dispoñer que o funcionario declarado na situación administrativa de suspensión de funcións deberá solicitar o reingreso ao servizo activo con 1 mes de antelación á finalización do período de duración da suspensión, tendo dito reingreso efectos económicos e administrativos dende a data de extinción da responsabilidad penal ou disciplinaria.*

*De non solicitarse o reingreso no prazo indicado, declararáselle de oficio na situación de excedencia voluntaria por interese particular, con efectos dende a data de finalización da suspensión. Se unha vez solicitado o reingreso ao servizo activo non se concede no prazo de seis meses, o funcionario será declarado, de oficio, na situación de excedencia forzosa prevista no artigo 13.1.b) con efectos da data de extinción da responsabilidad penal ou disciplinaria*

*Cuarto.- Poñer en coñecemento da Xefatura do Corpo da Policía Local de Vigo e da Concellería-delegada da Área de Mobilidade e Seguridade a presente resolución, con copia da sentenza indicada, aos efectos do previsto no artigo 79, apartado b) da Lei 4/2007, do 20 de abril de Coordinación das Policías Locais de Galicia, en relación coa existencia de sentenza firme*

*condenatoria e das responsabilidades de carácter disciplinario susceptibles de derivarse da mesma, e en virtude das competencias establecidas no artigo 27 da mesma norma.*

*Quinto.- Notificar a presente resolución ao Xulgado do Penal nº de Pontevedra aos efectos que procedan en relación coa execución da Sentenza nº 295/2013, do 31 de outubro (p.a. 333/13) solicitando expresamente que se comunique ao Concello de Vigo a liquidación da condena, especialmente no que respecta á pena de suspensión de emprego ou cargo público imposta.*

*Sexto.- Dar conta da presente resolución á Xunta de Goberno Local, notificando a mesma á Concellería-delegada da Área de Mobilidade e Seguridade, Xefatura da Área de Réxime Interior, Xefatura da Área de Mobilidade e Seguridade, Xefatura do Corpo da Policía Local, Servizo de Recursos Humanos (Planificación e Organización-Negociado de Seguridade Social-Inspector Auxiliar), Intervención Xeral Municipal, Tesourería Municipal (Negociado de Nóminas) e interesado, para coñecemento, cumprimento e demáis efectos.*

*Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1198, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.*

Acordo
A Xunta de Goberno local queda enterada.

**12(489).- PROPOSTA DE DESAFECTACIÓN DO USO TURÍSTICO: CASETA PRAZA DE ESPAÑA, KIOSKO PASEO DE ALFONSO E CASETA SITA NO IMD-SAMIL. EXPTE. 5159/104.**

Dáse conta do informe-proposta do informe-proposta da xefa do Servizo de Turismo, do 12.05.14, conformado polo concelleiro delegado da Área de Industria, Turismo, Cultura e Festas, que di o seguinte:

*No ano 2004 instaláronse en diversos puntos da cidade casetas transportables sobre base de cemento nas beiraruas, para uso turístico.*
*Na súa maioría téñense desmontado e as que restan carecen de actividade desde 2009.*
*A implantación de servizos telemáticos de información e o uso de aplicativos para móbiles, así como a necesidade de concentrar efectivos na zona turística preferente da cidade teñen deixado sen uso as casetas que ainda conserva a Praza de España, o Kiosco do Paseo de Alfonso e a ubicada no IMD, en Samil.*
*Non é previsible que se aposte de novo por este tipo de equipamiento descentralizado, dado o seu coste, e dado que a tendencia é a difusión por APP e MUPIS e que é necesaria a consolidación e o reforzo da zona turística para convertila nun referente facilmente identificable por toda a cidadanía e os visitantes do sector.*

*Por esta razón parece oportuno desafectar ao uso turístico os locais que están fora da zona turística do Náutico-Pescadería, para que se determine se procede outro uso.*

*PROPOSTA:*
*Polo devandito proponse á Xunta de Goberno Local:*

*“1.- Desafectar ao uso turístico a caseta sita na Praza de España e o Kiosco do Paseo de Alfonso.*

*2.- Dar traslado ao Servizo Municipal de Patrimonio desta desafectación para o seu coñecemento.*

*3.- Desafectar ao uso turístico a caseta sita no IMD, en Samil, e ratificar o uso deportivo da mesma.*

*4.- Dar traslado do acordo ao Instituto Municipal dos Deportes para o seu coñecemento.*

Acordo
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicions legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto lexislativo 781/1986 de 18 de abril.

**13(490).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE DEPORTES E O TRAVIESAS HOCKEY CLUB EN BASE Ó DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ÉLITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2013-2014. EXPTE. 13087/333.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 9.05.14, o informe de fiscalización do 19.05.14, e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 22.05.14, conformado polo concelleiro-delegado de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO: Aprobar o texto do convenio que rexerá entre a Concellería de Deportes do Concello de Vigo e a entidade deportiva Traviesas Hockey Club para a subvención do proxecto xeral de actividade da entidade, que conta cun equipo na categoria OK Liga Feminina na tempada deportiva 2013/2014 e desenvolve un programa de promoción do deporte de base na cidade.

SEGUNDO: Aprobar o gasto de 20.000,00€. a favor da entidade Traviesas Hockey Club co CIF: G-36680239 e enderezo social na rúa Ctra. Igrexa Roteas 20, en Vigo segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 13087-333. Este crédito é con cargo á partida 3410.489.00.08 do vixente orzamento. Este importe será abonado de acordo cos seguintes pagos:

- ◦ 1.747,45€ serán abonados directamente o Instituto Municipal dos Deportes de Vigo, como pago das débedas pendentes da entidade Traviesas Hockey Club polos usos deportivos dos equipos da mesma.
- ◦ 18.252,55€ serán abonados directamente a entidade Traviesas Hockey Club CIF nº G-36680239 e enderezo social na rúa Ctra. Igrexa Roteas 20, en Vigo, mediante transferencia bancaria. Este crédito é con cargo á partida 3410.489.00.08 do vixente orzamento.

TERCEIRO: Habilitar ao Alcalde de Vigo, D. Abel Caballero Álvarez, para asinar este Convenio.

*CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE TRAVIESAS HOCKEY CLUB EN BASE Ó DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ÉLITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2013/2014 (EXPTE. 13087333).*

*Na Casa do Concello de Vigo, a __ de ______ de dous mil catorce.*

*REUNIDOS*

*Dunha parte, o Alcalde de Vigo, D. Abel Caballero Álvarez.*

*Doutra, dona Marta González Pérez como presidenta da entidade Traviesas Hockey Club CIF nº G-36680239 e enderezo social na rúa Ctra. Igrexa Roteas 20, en Vigo, e na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 13087-333.*

*Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio,*

*MANIFESTAN*

*I.-Que a entidade Traviesas Hockey Club conta cun equipo de élite que participa na categoria OK Liga Feminina de Hockey desenvolve a sua actividade no Concello de Vigo, e constitúe un pilar de gran importancia en atención á repercusión social y mediática do deporte.*
*A entidade Traviesas Hockey Club desenvolve o proxecto do equipo de élite durante a tempada 2013/2014.*
*A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da cantera deportiva da cidade.*
*Ademáis, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social.*

*II.-Que a entidade Traviesas Hockey Club impulsa e estimula a participación dos e das máis xóvenes no ámbito do deporte a través do desenvolvemento dun proxecto deportivo de base orientado fundamentalmente ó fomento e promoción do Hockei en etatas de formación, contribuindo ademáis a establecer pautas de referencia positivas, e complementando o proxecto xeral da entidade.*

*III.-Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:*

- *Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.*
- *Contribuir a que os e as deportistas vigueses e viguesas máis xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.*
- *Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nível da imaxen deportiva de Vigo.*
- *Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, conten cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.*
- *A consecución dun consenso social e institucional para salvaguardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.*

*IV.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3410.489.00.08 prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 20.000,00€ a favor da entidade deportiva Traviesas Hockey Club.*

*V.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervintes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadxuvar á financiación do proxecto xeral da entidade Traviesas Hockey Club na tempada deportiva 2013/2014.*

*VI.- Que a entidade Traviesas Hockey Club non está incursa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm. 13087/333.*

*VII.- Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da entidade Traviesas Hockey Club o Concello de Vigo e a dita entidade deportiva, conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.*

*PACTOS*

*Primeiro.- A entidade Traviesas Hockey Club comprométese a colaborar coa Concellería de Deportes do Concello de Vigo no fomento, promoción e difusión do deporte e da cultura deportiva, e concretamente a:*

*1º.-Colaborar co Concello de Vigo na difusión dos programas deportivos desenvoltos dende este e que teñen vinculación directa cos obxectivos da entidade que asina este convenio:*

- *Programa Municipal de escolas deportivas.*
- *Xornadas de formación.*
- *Campañas de concienciación vinculadas ós habitos de vida saudables.*
- *Actividades dirixidas a poboacións especiais: Maiores, discapacitados...*
- *...*

*2º.- Desenvolver un proxecto xeral de actividade da entidade, e que inclúe a dinamización da actividade de carácter excepcional do equipo de élite da entidade e a promoción e fomento do deporte de base na modalidade de Traviesas Hockey Club na tempada 2013/2014.*

*3º.-Traballar conxuntamente na difusión e promoción necesaria dos programas de actuación deportiva de cara ó ensino e iniciación deportiva en tódolos aspectos da modalidade específica do equipo de élite.*

*4º.-Participar cos xogadores e xogadoras do primeiro equipo nos proxectos de promoción do deporte dinamizados polo Concello de Vigo.*

*5º-Que en todas as actividades que se desenvolvan dentro das actividades do equipo de élite, con independencia dos patrocinios da entidade, deberá figurar nun lugar visible a imaxe da Concelleria de deportes-Concello de Vigo:*

- *A imaxe da Concellería de Deportes-Concello de Vigo deberá estar presente tanto nas equipacións de xogo como nas de paseo, e o seu formato e ubicación deberá ser autorizado pola Concellería de Deportes.*
- *Na instalación de Xogo colocaranse, como mínimo, catro lonas coa imaxe institucional da Concellería de Deportes, ubicadas en zonas centrais e de máxima visibilidade da zona de xogo.*

*6º.-Fomentar, estimular e promover iniciativas e suxestións dos axentes implicados no ámbito deportivo conxuntamente coa concellería de deportes.*

*7º-Contribuir á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.*

*Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:*

*1º.- Colaborar coa entidade Traviesas Hockey Club na tramitación das solicitudes relativas a necesidades propias do Concello para a realización dos seus proxectos deportivos na cidade de Vigo.*

*2º.- Facilitar os médios precisos para a inserción da súa imaxe nos ámbitos de promoción da entidade Traviesas Hockey Club (revista, web, etc).*

*3º.- Conceder directamente á entidade Traviesas Hockey Club unha subvención por importe de 20.000,00€ con cargo á partida orzamentaria 3410.489.00.08 mediante transferencia bancaria á Conta Corrente facilitada pola entidade e previa fiscalización da intervención do Concello de Vigo, do orzamento en vigor, co obxecto de coadxuvar á financiación das actividades vinculadas co seu proxecto xeral de actividade, desenvolvido na tempada deportiva 2013/2014.*

*Este importe será abonado de acordo cos seguintes pagos:*

- *1.747,45€ serán abonados directamente ó Instituto Municipal dos Deportes de Vigo, como pago das débedas pendentes da entidade Traviesas Hockey Club polos usos deportivos da entidade.*
- *18.252,55€ serán abonados directamente a entidade Traviesas Hockey Club co CIF: G-36680239, mediante transferencia bancaria. Este crédito é con cargo á partida 3410.489.00.08 do vixente orzamento.*

*No caso de que o orzamento definitivo do Concello de Vigo para o ano 2014 contemple na aplicación orzamentaria correspondente un importe superior polo mesmo obxecto, a Concellería de Deportes tramitará un expediente de modificación do presente convenio no cal se axustará o diferencial que defina a nova dotación de crédito no orzamento do ano 2014.*

*Para o procedemento de xustificación e pago desta modificación, atenderase ó establecido no pacto noveno do presente convenio.*

*Terceiro.- Esta subvención será compatible con calqueira outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquer administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, excepto coa solicitude de subvención na convocatoria por concurrencia competitiva de subvencións que a Concellería de Deportes desenvolva en relación ós proxectos de actividade das entidades deportivas de Vigo na tempada 2013/2014, coa que será incompatible.*

*A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.*

*En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.*

*Cuarto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá á reducción da subvención na mesma proporción.*

*A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.*

*Quinto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.*

*Sexto.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional da Concellería de Deportes-Concello de Vigo en calqueira actividade ou evento relacionado co obxecto do convenio, na cartelería, equipacións de xogo e paseo, e demáis material gráfico elaborado ao efecto.*

*Sétimo.- A beneficiaria, no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e como máximo ata tres meses da finalización da tempada deportiva, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.*

*A documentación da conta xustificativa deberá incluir unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.*

*Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio cumplirán as seguintes especifidades:*

- *As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado neste convenio.*
- *Atendendo á especifidade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitraxes, tasas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificados a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de gasto de arbitraxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc.,) emitidos polas Federacións que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probativo do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.*
- *En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo Organismo Autonomo IMD, acreditativo dos ingresos por estos conceptos.*

*Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante*

*orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.*

*<u>Oitavo</u>.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.*

*<u>Noveno</u>.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período comprendido na tempada deportiva 2013/2014. A tal efecto, o técnico da área de deportes, no informe adxunto á documentación xustificactiva, especificará o período comprendido pola mesma, que abarcará desde a data de inscripción do equipo ou dos deportistas na competición, ata os 30 días posteriores á finalización da competición oficial según os calendarios oficiais aportados.*
*Tal como establece o art. 29.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, serán gastos subvencionables, ademáis, os "gastos financeiros" da entidade directamente relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables, establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata un 1% do importe do convenio.*

*A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 50.000 € por execución de obra ou 18.000 € no caso de subministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.*

*<u>Décimo.</u>- A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. O xefe do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.*

*<u>Décimo primeiro</u>.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.*

*<u>Décimo segundo</u>.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.*

*Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución sigificativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumplimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.*

*<u>Décimo terceiro</u>.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa aprezación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no*

*RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.*

*Décimo cuarto.- A vixencia do presente convenio abarca o período comprendido entre a sinatura do mesmo ata os tres meses posteriores á finalización da competición oficial da tempada 2013/2014, co obxecto de proceder á tramitación da xustificación do mesmo.*

*Décimo quinto.-A beneficiaria está informada que que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrucción do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.*

*Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.*

*A beneficiaria poderá exerce-los dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.*

*Décimo sexto.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.*

*E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, ___ de _____ de 2014.*

**13(491).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e dez minutos. Como secretaria dou fé.

me.

| | |
|---|---|
| O ALCALDE | A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, |

Abel Caballero Álvarez. Mª Jesús Lago Rey.